

GALEGO

O catalán Amadeu Casellas Ramón, que se define como anarquista, portador de VIH desde 2001, encarcerado no Centro Penal de Quatre Camins (Granollers), preso desde 1986 e sen delitos de sangue, vén desenvolvendo desde o día 23 de xuño de 2008 unha folga de fame indefinida para demandar a súa excarceración. Durante este tempo o Amadeu Casellas perdeu ao redor de 30 kgrs de peso, foi ingresado nun centro hospitalario e reiterou a súa intención de continuar coa folga de fame. Recentemente Amadeu deixou de tomar glicosa o que sen dúbida vai acelerar a súa debilitamiento.

Amadeu Casellas cumpre dous dos tres requisitos contemplados no Código Penal vixente para a concesión da liberdade condicional, (CP 1995, reformado polo 7/2003 de 30 de xuño):

- ter cumpridas as 3/4 partes da condena.
- mostrar unha conduta favorable.

Ademais o sr. Casellas dispón dun amplo círculo de familiares e amig@s dispostos a axudarlle no seu reintegración social, así como dunha oferta laboral firme.

O único requisito legal que non cumpre Amadeu Casellas é o estar clasificado no terceiro grao penal; algo que, como os permisos, vénlle sendo denegado desde a prisión, o Xulgado de Vixilancia Penal e a Audiencia Provincial de Barcelona, argumentando o seu historial de quebrantamentos de condena (fugas)-. De acceder ao terceiro grao podería axilizarse a súa posta en liberdade ou na súa falta a aplicación de medidas de prisión atenuada (como en casos recentes de pres@s enferm@s ou convalecentes de longas folgas de fame e próximos á súa excarceración).

Ademais o Xulgado do Penal N°2 de Manresa denegoulle a refundición das súas condenas, argumentando que en 1988 xa se lle fixo unha refundición.

Por todo o anteriormente exposto e o grave perigo que corre a vida do sr. Amadeu Casellas, demandamos o inicio dos trámites necesarios para a concesión da liberdade condicional - ou na súa falta a aplicación de medidas de prisión atenuada - ao sr. Amadeu Casellas Ramón.

A..... 1 de setembro de 2008